



MEMORIA ECONÓMICA: CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS (EXPTE NÚM. 21243-333).

1.- OBXECTO (artigo 99 LCSP)

Subministro en réxime de alugueiro de dúas casetas para a súa colocación no campo de fútbol do Carballal e nas pistas de atletismo en Balaídos, que deberán ter as características indicadas no Prego de Prescricións Técnicas.

Estas casetas que serían utilizadas polo persoal de conserxería para o control do acceso ás instalacións indicadas, son esenciais para o traballo diario do Servizo de Deportes.

1.1.-Necesidades a satisfacer

O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), “Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

En relación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da lei 9/2017, de 8 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, no sucesivo LCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato co obxecto de definir as condicións técnicas para o desenvolvemento do subministro en réxime de aluguer de dúas casetas para a súa colocación no campo de fútbol do Carballal e nas pistas de atletismo en Balaídos.

A idoneidade desta contratación, xira en torno á necesidade de incrementar a operatividade e a funcionalidade das instalacións deportivas do campo de fútbol do Carballal e das pistas de atletismo en Balaídos, permitindo multiplicar o aproveitamento eficiente do espazo deportivo.

O contrato, polo seu obxecto, é un contrato de subministro, previsto no artigo 16, da LCSP, Lei 9/2017, de 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

2.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN



A determinación dos prezos unitarios, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

2.1.- Orzamento base de licitación

O orzamento máximo de licitación é de 3.940,00 euros (IVE excluído), ao que hai que engadir 827,40 euros en concepto de IVE (21%), ascendendo por tanto, o presuposto á cantidade de 4.767,40 euros (IVE engadido).

A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando os datos obtidos en base a datos de contratacións anteriores do propio Servizo de Deportes e os prezos de mercado de servizos similares, sendo o desglose dos prezos unitarios como sigue:

- Alugueiro mensual de cada unha das dúas caseta con aire acondicionado: 135 €/mes, sen IVE, por cada caseta.
- Portes: 350 € sen IVE/anualidade por cada caseta.

Orzamento sen IVE	3,940.00 €
IVE 21%	827.40 €
Orzamento base de licitación con IVE	4,767.40 €

Valor estimado	3,940.00 €
----------------	------------

2.2.- Valor estimado do contrato

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017.

Neste contrato non se prevé modificación.

En canto á **duración do contrato** será dunha anualidade coa posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha delas. A data prevista para o inicio do contrato é o 1 de agosto de 2022.

De acordo co anterior, **o valor estimado do contrato ascende a 15.760,00 euros, co seguinte desglose por anualidades:**



<u>ANUALIDADE</u>	<u>IMPORTE SEN IVE</u>	<u>IMPORTE IVE</u>	<u>IMPORTE CON IVE</u>
2022	1,641.67 €	344.75 €	1,986.42 €
2023	3,940.00 €	827,40 €	4,767.40 €
2024	3,940.00 €	827,40 €	4,767.40 €
2025	3,940.00 €	827,40 €	4,767.40 €
2026	2,298.33 €	482.65 €	2,780.98 €

2.3.- Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluírá, como partida independente o IVE.

2.4.- Anualidades

Anualidades	Importe sen IVE	IMPORTE IVE	Importe con IVE
2022	1,641.67 €	344.75 €	1,986.42 €
2023	2,298.33 €	482.65 €	2,780.98 €
Totais	3,940.00 €	827.40 €	4,767.40 €

3.-REVISIÓN DE PREZOS.

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

4.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo incluídos na partida orzamentaria 3420.2080000 correspondente a “outro material” do orzamento vixente da Concellería de Deportes. O contrato entrará en vigor a partir da firma do contrato.

O gasto proposto, establécese de acordo co principio de sustentabilidade financeira,

**CONCELLERÍA
DE
DEPORTES**

**CONCELLO
DE VIGO**



de acordo o cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento do ano 2022 dentro do programa orzamentario “3420” do Concello de Vigo na partida 3420.2080000 “OUTRO MATERIAL”. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución da prestación dun subministro delimitado e de carácter finalista para o Concello.

5.-REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

O pagamento do prezo do contrato efectuarase, unha vez entregado o obxecto do contrato e verificado o mesmo polos servizos técnicos do Servizo de Deportes, tras a presentación da correspondente factura con carácter mensual con suxeición aos requisitos que establece na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato, do seguinte xeito:

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

A) UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES

B) OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS /
INTERVENCIÓN

B) ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

Vigo a data da sinatura dixital

RPB/rcr

O xefe do Servizo de Deportes-director deportivo
Rubén Peña Barceló

O concelleiro-delegado de Deportes
José Manuel Fernández Pérez